

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019-2020

CENTRO	IES MONELOS
CURSO	4º ESO
MATERIA	TECNOLOGÍA 3º ESO PENDENTE
DEPARTAMENTO	TECNOLOGÍA

ÍNDICE

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

3.- Avaliación e cualificación final do curso.

4.- Información e publicidade.

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1.1.- PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE

No grupo de 4º ESO Aplicadas hay un alumno e unha alumna que teñen pendente a materia de Tecnoloxía de 3º ESO, pero non están a cursar Tecnoloxía en 4º ESO.

Durante o primeiro e segundo trimestres foron atendidos polo xefe de departamento seguindo a planificación que figura na programación de Tecnoloxía (13.- *Materias pendentes 19-20*).

As cualificacións acadadas nesas avaliacións constitúen o dato máis importante para cualificar a materia pendente neste curso.

1.2.- TERCEIRO TRIMESTRE

No terceiro trimestre as actividades presenciais de apoio quedaron suspendidas o 13 de Marzo de 2020. O apoio manterase a distancia seguindo os estándares de aprendizaxe, competencias e actividades que se especifican na adaptación da programación de Tecnoloxía de 3º ESO.

2.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

2.1.- METODOLOXÍA

O profesor se comunica cos alumnos través da Aula Virtual, e mediante correos privados cando a comunicación é particular.

A comunicación inversa alumnado - profesor faise mediante mensaxes a unha conta de correo Gmail do profesor creada especificamente con ese fin. Nese correo, os alumnos/as entregan os seus traballos, plantexan dúbidas e reciben as respostas do profesor.

2.2.- MATERIAIS E RECURSOS

Materiais:

- Libro de texto
- Apuntes elaborados polo profesor
- Material audiovisual e de información extraído de Internet, recomendado polo profesor.

Recursos:

- Páxina web do centro e Aula Virtual
- Contas de correo e equipos informáticos, de propiedade privada, de alumnado e profesor.

O alumnado con dificultades de conectividade debe comunicar dita circunstancia ao profesorado ou aos titores/as para tela en conta e tratar de solventala.

O profesorado observará como se desenvolve a actividade para detectar aqueles alumnos/as que non se conectan ou que non entregan as tarefas nos prazos indicados. Informarán desas circunstancias aos tutores/as para poñelo en coñecemento das familias.

2.3.- ACTIVIDADES

Serán de dous tipos:

- de recuperación da 2ª Avaluación.
- de reforzo dos contidos propios do 3º trimestre.

2.3.1.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS ANTERIORES SUSPENSAS

O profesor indicará as actividades de recuperación necesarias. Ademais desas actividades tamén se valorará positivamente a realización das actividades de reforzo que se especifican a continuación.

2.3.2.- ACTIVIDADES DE REFORZO

Seguirán o mesmo procedemento que os alumnos de 3º ESO. Para non sobrecargar aos alumnos (que tamén deben atender as materias de 4º ESO), limitaránse as actividades a entregar. Tamén serán máis flexibles os prazos de entrega.

- **O profesor presentará os temas e es propostas de actividades a través da Aula Virtual.**
- **O retorno de documentos por parte do alumnado debe facerse por e-mail, en forma de documentos PDF ou con imaxes fotográficas.**

3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

3.1.- AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE

A avaliación das actividades realízase valorando o traballo desenvolvido e o nivel de calidade. Teranse en conta os seguintes criterios:

- O interese manifestado polo alumno/a (consulta de dúbidas, realización das correccións necesarias nas actividades...).
 - A realización progresiva das actividades, respectando os prazos de entrega.
 - A corrección dos erros e defectos indicados polo profesor.
 - A presentación e a calidade dos traballos que se deben elaborar de forma manuscrita.
-
- **As actividades do 3ª trimestre serán valoradas entre 0 e un máximo de 1,5 puntos, en función dos criterios anteriores.**
 - **Non se valorará negativamente a falta de entrega (total ou parcial) das actividades propostas.**

3.2.- CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA DO CURSO

A cualificación do alumnado seguirá o seguinte procedemento:

- 1) Obtención da nota media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións.
A media calcularáse valorando previamente as actividades de recuperación realizadas.
- 2) Suma da nota media anterior máis a cualificación do 3º trimestre.

A cualificación final nunca será inferior á nota media da 1ª e 2ª avaliación.

3.3.- PROBA EXTRAORDINARIA

Os alumnos/as que non superen a avaliación ordinaria, realizarán en Setembro unha proba extraordinaria presencial, de tipo escrito.

- A proba abranguerá, exclusivamente, os contidos desenvolvidos no 1º e 2º trimestres.
- Nesta proba non se terá en conta a valoración do 3º trimestre.

4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O alumnado e as familias serán informados destas modificacións por dous procedementos:

- Mediante a publicación na páxina web do centro (páxina do departamento de Tecnoloxía)
- Mediante publicación na Aula Virtual do apartado 3 (Avaliación e cualificación).